



CONSELLO SINDICAL INTERREXIONAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

CONSELHO SINDICAL INTER-REGIONAL GALIZA-NORTE DE PORTUGAL

ESTATUTOS DO CONSELLO SINDICAL INTERREXIONAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

APROBADOS EN ASEMBLEA DE VIGO O 17 XULLO DE 2006

CC.OO.-GALICIA

Rúa Miguel Fernández Carballo, 10
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 981 55 18 00
Fax: 981 55 18 01
E-mail: snt@galicia.coo.es



UGT-PORTUGAL
Alexandre Herculano, 351-1º andar
4000 PORTO
Tel: 222 08 11 31
Fax: 222 08 11 42
E-mail: del.porto@ugt.pt



CGTP
Rúa dos Bicasinhos, 81 e 87
4700 BRAGA
Tel: 253 21 78 67/68
Fax: 253 21 78 77
E-mail: uebanga@mail.telepac.pt



UGT-GALICIA
Rúa Miguel Ferro Chaviziro, 12
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel: 981 57 71 71
Fax: 981 59 94 38
E-mail: egeneral@galicia.ugt.org

ESTATUTOS DO CONSELLO SINDICAL INTERREXIONAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

CONSIDERACIÓNS XERAIS

Os representantes das organizacións sindicais da Confederación Europea de Sindicatos, UGT Galicia, UGT Norte de Portugal, CC.OO. de Galicia e C.G.T.P IN-Norte de Portugal, que postulan os principios do sindicalismo libre independente, e democrático, reunidos en Porto o 20 de Xullo de 1995, acordaron crear o Consello Sindical Interrexional, denominado C.S.I. Galicia-Norte de Portugal, reafirmando a súa vontade de contribuír a crear unha Europa mais xusta e solidaria nos ámbitos social, económico, político e cultural; dotando a este órganio duns Estatutos que agora se actualizan.

A existencia do C.S.I. inscríbese plenamente na estratexia elaborada no seo da Confederación Europea de Sindicatos para xerar condicións de acción permanente nas súas rexións.

A creación do mercado único europeo está xerando cambios importantes nas relacións económicas e laborais, que crean un novo marco social de carácter transnacional que inflúe nas liberdades fundamentais das persoas, na libre circulación dos traballadores/as, no acceso o emprego e nas condicións de traballo.

A vontade de tódolos membros do C.S.I. Galicia Norte de Portugal é que estes cambios permitan construír unha Europa más xusta e solidaria no ámbito social, económico, político e cultural.

As organizacións membros do C.S.I. Galicia-Norte de Portugal constatan:

- A existencia de problemas comúns que afectan os traballadores da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- A necesidade de coordinar e desenvolver unha acción sindical conxunta que faga fronte a internacionalización das relacións económicas e comerciais que afectan o exercicio de liberdades fundamentais das persoas, limitan o dereito a libre circulación dos traballadores e deterioran as condicións de traballo ou de acceso o emprego.
- A conveniencia de establecer fórmulas de cooperación sindical de ámbito interrexional estable para a defensa e promoción dos intereses económicos, sociais e culturais dos traballadores.
- A importancia de participar, en representación dos traballadores/as, nos organismos de carácter público que están creados ou poidan crearse para



CONSELLO SINDICAL INTERREXIONAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

CONSELHO SINDICAL INTER-REGIONAL GALIZA-NORTE DE PORTUGAL

a defensa, cohesión e desenvolvemento da eurorexión Galicia/Norte de Portugal (Eures-T, Comunidade de Traballo Galicia Norte de Portugal, Eixo Atlántico, etc..)

TITULO I: NATUREZA, DURACIÓN E OBXECTIVOS

Artigo 1: Natureza

O Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal, constitúese como un órganos de participación e acción sindical da eurorexión Galicia-Norte de Portugal das organizacións sindicais UGT Galicia, UGT Norte de Portugal, CC.OO. de Galicia e C.G.T.P. IN-Norte de Portugal.

Artigo 2: Duración

El C.S.I. Galicia-Norte de Portugal crease con carácter indefinido.

Artigo 3: Obxectivos

O Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal terá como obxectivos:

1. Estudar e valorar os problemas económicos, sociais e laborais comúns de Galicia e do Norte de Portugal.
2. Coordinar accións de defensa e promoción dos intereses sociais, políticos, económicos, profesionais e culturais dos traballadores de Galicia e do Norte de Portugal.
3. Participar no desenvolvemento e execución de actividades e labores tendentes a acrecentar o benestar social, económico e intelectual dos traballadores de Galicia e do Norte de Portugal.
4. Promover a cooperación interrexional transfronteiriza e a solidariedade dos traballadores de ámbalas dúas rexións.
5. Velar pola aplicación e execución das resolucións emanadas polo propio C.S.I. e da Confederación Europea de Sindicatos.
6. Outros que no futuro sexan acordados pola Confederación Europea de Sindicatos ou polas Confederacións das organizacións representadas no C.S.I.

TITULO II: ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 4: Órganos de governo

Para a consecución dos seus obxectivos, o C.S.I. dotase dos órganos seguintes: a Asemblea Xeral e a Comisión Executiva.

Artigo 5: Acordos dos órganos de governo

Os acordos da Asemblea Xeral e da Comisión Executiva do C.S.I. Galicia-Norte de Portugal, serán tomados por consenso, cando este non sexa posible acadalo, adoptaranse por dobre maioría de votos; a dos membros e das organizacións, que sumaría alomenos tres co fin de garantizar que corresponden os dous países.

CC.OO.-GALICIA

Pdo Miguel Ferro Chavela, 10
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 981 55 13 00
Fax: 981 55 18 01
E-mail: galicia.ccoo.es



UGT-PORUGAL

Alexandre Herculano, 351-1º andar
4000 PORTO
Tel: 222 08 11 31
Fax: 222 08 11 42
E-mail: del.porto@ugt.pt

3



CGTP

Rúa dos Bicosabores, 81 a 87
4700 BRAGA
Tel: 253 21 78 67/68
Fax: 253 21 78 77
E-mail: ushwaga@mail.telepac.pt



UGT-GALICIA

Rúa Miguel Ferro Chavela, 12
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel: 981 57 71 71
Fax: 981 59 94 38
E-mail: general@galicia.ugt.org

Artigo 6: A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral, integrada por tódalas organizacións membros do C.S.I. Galicia-Norte de Portugal, é o órgano superior de decisión e formación da vontade do C.S.I. Galicia-Norte de Portugal.

1. A Asemblea Xeral reunirase en sesión ordinaria unha vez o ano, alternativamente en Galicia e no Norte de Portugal por convocatoria da Comisión Executiva do C.S.I.
2. Poderá tamén reunirse en sesión extraordinaria cando o soliciten polo menos dúas das organizacións representadas no C.S.I., unha vez constatada a existencia dun problema grave cuxa solución sexa competencia da Asemblea Xeral.
3. A Asemblea Xeral poderá acordar a designación de sedes operacionais.

Artigo 7: Composición da Asemblea Xeral

Asemblea Xeral terá a seguinte composición:

Estará composta por vinte membros, correspondendo cinco membros a cada unha das organizacións sindicais que forman parte do C.S.I., conforme a designación e substitución libres por cada unha das organizacións sindicais.

Artigo 8: Funcións da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral ten as seguintes funcións:

1. Elixir a Comisión Executiva do C.S.I. e os seus órganos de representación.
2. Definir as liñas xerais de acción e de traballo do C.S.I.
3. Aprobar as memorias de traballo elaborados pola Comisión Executiva do C.S.I.
4. Establecer os medios a utilizar.
5. Aprobar, no seu caso, a creación de grupos de traballo.
6. Aprobar, no seu caso, os regulamentos internos.
7. Aprobar o presuposto, balance,etc. anualmente.

Artigo 9: Comisión Executiva

A Comisión Executiva é órgano de dirección permanente do C.S.I. que ó representa interna e externamente.

Artigo 10: Composición da Comisión Executiva

A Comisión Executiva estará composta por oito membros:

1. A Comisión Executiva comporase de: un Presidente e tres vicepresidentes e catro vocais..
2. Tódolos membros da Comisión Executiva serán elixidos entre os membros da Asemblea Xeral.
3. Os cargos de Presidente,vicepresidentes e vocais distribuiranse entre cada unha das organizacións que integran o C.S.I..
4. A Comisión Executiva será elixida por un período de dous anos de entre os membros da Asemblea Xeral.

5. O cargo de Presidente recaerá obligatoriamente nun membro con poderes legais da organización a que representa, que o faculten para actuar no tráfico xurídico.
6. Reunirase dúas veces o ano con carácter ordinario, e extraordinariamente se a Comisión Executiva o considera conveniente.
7. Os membros da Comisión Executiva poderán delegar as súas competencias noutros membros da Asemblea Xeral cando o consideren conveniente.

Artigo 11: Funcións da Comisión Executiva

Son funcións da Comisión Executiva:

1. Concretar e executar as liñas de acción e de traballo aprobadas pola Asemblea Xeral.
2. Analizar a evolución da situación económica, social e cultural no seu ámbito xeográfico.
3. Adaptar o seu programa de acción a realidade do momento.
4. Determinar en común a política a seguir para realizar o seu programa de traballo.
5. Participar e impulsar o desenvolvemento da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal de acordo cos obxectivos do C.S.I.
6. Decidir a constitución e composición de comisións ou grupos de traballo, e dirixir, supervisar e avaliar o seu traballo.

Artigo 12: Presidencia

1. A presidencia do C.S.I. recaerá rotativa e sucesivamente nun membro con poderes de representación legal, de cada unha das organizacións que integran o C.S.I. na seguinte orde: UGT Galicia, UGT Norte de Portugal, CC.OO. de Galicia e C.G.T.P. IN-Norte de Portugal.
2. O mandato do presidente terá unha duración de dous anos, calculado dende a súa elección. A rotación establecese automaticamente de acordo coa orde establecida.

Artigo 13: Funcións do Presidente

Son funcións do Presidente:

1. Ostentar a representación da Comisión Executiva.
2. Convocar e establecer a orde do día das reunións da Comisión Executiva, presidilas e moderar o desenvolvemento dos seus debates.
3. Ordenar a tramitación dos acordos da Comisión, dispoñer o seu cumprimento e visar as Actas das súas reunións.
4. Resolver calquera asunto que polo seu carácter inaprazable así o aconsellara, sen prexuízo de dar conta na seguinte reunión que celebre a Comisión.
5. Representar o C.S.I. ante EURES Transfronterizo Galicia-Norte de Portugal, así como xestionar os presupostos para executar as súas actividades e programas.
6. Representar o C.S.I. ante calquera outras administracións públicas e privadas de Galicia e de Portugal, de acordo cos poderes que ostenta na súa organización sindical para executar actividades e programas, e os seus presupostos, obtidos da representación e dos acordos dos órganos C.S.I.
7. O Presidente, no exercicio das súas facultades e poderes legais que ostente como representante da organización sindical á que representa, e de acordo coas decisións adoptadas polos órganos do C.S.I., poderá delegar noutros membros da Comisión Executiva, aquelas funcións que considere oportunas.



CONSELLO SINDICAL INTERREXIONAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

CONSELHO SINDICAL INTER-REGIONAL GALIZA-NORTE DE PORTUGAL

8. As demais funcións que lle sexan encomendadas ou delegadas pola Asemblea Xeral.
9. Representar o CSI no plenario de CSI da Confederación Europea de Sindicatos (CES).

TITULO III: GRUPOS DE TRABALLO

Artigo 14: Creación de grupos de traballo

A Asemblea Xeral e a Comisión Executiva poderán crear Comisións ou Grupos de Traballo ca forma de organización y funcionamento que estimen oportunas e exercerán as funcións que lles encomende ou lles delegue a Asemblea Xeral ou a Comisión Executiva.

TITULO IV: REGULAMENTOS INTERNOS

Artigo 15: Regulamentos internos

O C.S.I. poderá dotarse de regulamentos internos que, aprobados pola Asemblea Xeral, melloren o funcionamento dos seus órganos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL I

Queda acordado entre os que subsciben a constitución do C.S.I. Galicia-Norte de Portugal, que o sindicato ou sindicatos en implantación na rexión que estean adheridos á Confederación Europea de Sindicatos (C.E.S.) serán membros de dereito da Asemblea Xeral do C.S.I. Galicia-Norte de Portugal, cando manifestaren a súa vontade de integrarse no mesmo. A Asemblea Xeral adaptará nese momento a paridade entre países e a paridade dentro de cada país entre as súas organizacións. A Comisión Executiva será ampliada respectando o anterior, pasando igualmente a organización adherente a escala de rotación para ostentar a Presidencia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL II

Os presentes Estatutos só poderán ser modificados por decisión aprobada na Asemblea Xeral, referendada por dous tercios dos seus membros.

DISPOSICIÓN ADICIONAL III

O C.S.I. Galicia-Norte de Portugal, o igual que se crea por vontade das organizacións que o integran, e aproban esta modificación destes Estatutos, poderá disolverse polo mesmo procedemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL IV

A efectos realización de actividades e programas nos que, no ámbito dos seus obxectivos, o C.S.I. Galicia-Norte Portugal acorde participar, e que estean economicamente financiados e/ou subvencionados por administracións públicas de calquera ámbito, ou por entidades privadas, as obrigas fiscais, contables e de xustificación económica corresponderán a organización sindical que ostente a presidencia, mentres o Asemblea Xeral non adopte un acordo distinto a este.